



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 5/2003.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Luis González Vázquez

VOCAIS:

D. Miguel Angel Cela González

D. Emilio Sánchez Coto

D. José Antonio Illán Torrón

D. Manuel Veiga Franco

SECRETARIO:

D. Carlos Fernández Valdivielso

Na cidade de Lugo, o día doce de novembro de dous mil catro, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 3/2003 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA**, no concello de **ANTAS DE ULLA**, iniciado por acordo do Xurado do 10 de decembro de 2003, sendo vocal instructor **D. MANUEL VEIGA FRANCO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 2 de abril de 2004), iniciouse o expediente número 5/2003 (por instancia de varios veciños da Somoza), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 12 de abril de 2004, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 12 de abril de 2004, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Chantada** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.



2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 19 de abril de 2004, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA** non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

QUINTO: Coa data do 24 de maio de 2004, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai constar que o monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA** tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro a nome de persoa ou entidade algunha.

SEXTO: Coa data do 9 de xuño de 2004, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 9 de xuño de 2004, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

OITAVO: Coa data do 9 de xuño de 2004, comunicóuselle ó concello do **ANTAS DE ULLA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

NOVENO: Coa data do 9 de xuño de 2004, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON JOSÉ DIÉGUEZ FERNÁNDEZ** como asinante entre os solicitantes da clasificación.

DÉCIMO: Coa data do 9 de xuño de 2004, comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de Chantada a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 12 de xullo de 2004, aparece publicado o **EDICTO** no D.O.G. número 133, páxina 10.001, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA**.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 3 de agosto de 2004, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai consta-la anotación preventiva realizada (anotación letra A, predio 12.928, libro 69 do concello de Antas de Ulla, folio 214, tomo do arquivo 724).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 28 de setembro de 2004, recibíuse certificación do concello de **ANTAS DE ULLA**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días (desde o día 18 de xuño ata o



18 de xullo).

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 14 de outubro de 2004, comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de AREAS, no concello de Antas de Ulla, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO QUINTO: Non se recibiu ningunha comunicación da comunidade de veciños implicada no procedemento e na que debería nomear dous representantes para asistir como vocais ás reunións do Xurado.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais. Atendendo pois, ó tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **PICO DO ALTO ou DA SOMOZA**

Pertenza: veciños do lugar da **SOMOZA**

Parroquia: **SANTA CRISTINA DE AREAS.**

Concello: **ANTAS DE ULLA.**

Superficie: **22,76 hectáreas.**

Estremas:

Norte: estrada

Leste: predios particulares e muro de pedra

Sur: termos municipais de Rodeiro e A Golada (provincia de Pontevedra), e predios particulares

Oeste: termo municipal de A Golada (provincia de Pontevedra)



La orientación predominante del monte es Oeste. La pendiente es variable, en la zona sur, es baja, mientras que en la zona oriental, cerca del pico antes citado, es moderada. En general pueden suponer un límite a la mecanización de trabajos agrícolas, pero no forestales.

Desde Lugo el mejor acceso al monte es desviándose de la carretera Nacional de Vegadeo a Pontevedra, N - 640, a la altura de Antas de Ulla, tomando la carretera comarcal que conduce a Santa Cristina. El monte linda al Norte con un camino asfaltado que conduce desde A Somoza, a Aldea do Monte - en el municipio pontevedrés desde A Golada -, y desde el que se puede acceder a través de una pista que actualmente se encuentra en muy mal estado.

3. SUPERFICIES.

A la hora establecer los límites del monte "PICO DO ALTO", existe el problema de la identificación de los límites del municipio lucense de Antas de Ulla con el pontevedrés de A Golada. A este respecto existen sensibles diferencias entre los señalados en los planos de la Consellería de Política Territorial y los marcados por la Agencia Catastral. En este informe se han seguido los planos de la Consellería - plano nº 1 -, si bien también se adjunta un plano, a efectos informativos, con los límites que resultarían si se considerase la información catastral - plano nº 2 -.

Cabe señalar que en todo caso el monte se extendería únicamente en la superficie del municipio de Antas de Ulla, no sobrepasando en ningún caso el límite municipal, - y en este tramo, también provincial -. Así pues, de considerarse en un futuro un linde provincial distinto del señalado en los planos, los del monte habrían de ser adaptados a ellos.

Bajo estas anotaciones, la superficie total del monte "PICO DO ALTO" serían **22'76 hectáreas**, comprendidas en una única parcela - plano nº 1 -.

(Según la cartografía de la Agencia Catastral la superficie se reduciría hasta las 16'72 ha, - plano nº 2 -).

4. LÍMITES Y PERÍMETROS.

Son los que a continuación se detallan:

Norte: Carretera.

Este: Propiedades particulares - muro de piedra -.

Sur: Términos municipales de Rodeiro y A Golada - provincia de Pontevedra -, y propiedades particulares.

Oeste: Término municipal de A Golada – provincia de Pontevedra -

5. ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS.

Los servicios forestales del ICONA repoblaron el monte en el año 1973, utilizando principalmente *Pinus radiata*, y en menor medida *Pinus sylvestris*. La repoblación fue arrasada por un incendio forestal y se hizo una segunda repoblación en el año 1980. Hay constancia de un segundo incendio forestal, encontrándose en la actualidad desprovisto de vegetación arbórea, quedando tan sólo algunos pies aislados de pino insigne e incluso silvestre.

La vegetación arbustiva la compone un brezal – tojal propio de suelos pobres y secos, de talla baja o media, con especies como *Calluna vulgaris*, *Erica umbellata*, *Erica cinerea*, *Ulex spp.*, y otras similares, los helechos aparecen en las zonas de mayor humedad.

Son frecuentes los afloramientos rocosos, y las zonas de suelos esqueléticos, desprovistas casi totalmente de vegetación arbustiva.

Los vecinos señalan en la solicitud que “*vienen poseyendo y aprovechando desde tiempo inmemorial en régimen de comunidad sin asignación de cuotas*”.


Bajo estas condiciones es muy probable, que antes de la repoblación forestal realizada por el extinto ICONA, los aprovechamientos tradicionales de estos montes, fueran el pastoreo de toda clase de ganados, la roza del matorral, y sobre todo el cultivo de centeno. Solamente en circunstancias excepcionales y en las mejoras zonas se recurrió a la roturación y siembra de otras especies propias de la agricultura de la zona. En la actualidad sólo se hacen aprovechamientos ocasionales.

6. ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

El municipio de Antas de Ulla pertenece a la comarca de la Ulloa, situada en la parte occidental de la provincia de Lugo, dentro del partido judicial de Chantada. La capital dista 45 km de Lugo. EL término municipal se divide en 28 parroquias.

Desde el punto de vista demográfico, Antas de Ulla, presenta la misma estructura que el conjunto gallego: tasa de natalidad a la baja, tasa de mortalidad alta y crecimiento vegetativo negativo o regresivo. Según el censo de 1995 tiene 3.239 habitantes, con un claro descenso demográfico desde el censo del año 1981 (4.146 habitantes). La densidad de población es baja, 31 hab/Km², siendo los núcleos de población de escasa entidad.

Desde el punto de vista económico, es un ayuntamiento eminentemente rural. Posee una gran tradición tanto agrícola como ganadera, que con el tiempo ha sufrido un importante proceso de modernización y especialización. Basa su



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Servicio de Montes e I.F.

Expediente de clasificación de Monte Vecinal en Mano Común



Monte PICO DO ALTO.
Superficie = 2276 ha

E = 1 : 10.000

Lugo, agosto de 2003
El Ingeniero de Montes

Fdo. R. Ignacio Sánchez Arce

PLANO Nº 1



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

D. Luís A. Casais Fernández

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dña. Lucía Belver Quiroga

Representantes pola comunidade:

D. José Diéguez Fdez.

D. Javier Otero Porta

Na cidade de Lugo, o día 30 de novembro de 2015, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN** Visto no día da data o expediente número 1/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE A SOMOZA (AMPLIACION)**, no concello de **ANTAS DE ULLA**, iniciado por acordo do Xurado do 26 de febreiro de 2015, sendo vogal instrutor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (6-4-2015), iníciase o expediente 1/2015 (a instancia de M^a Luisa Mariño Varela, como presidenta da xunta reitora da Somoza) e ponse, como encabezamento, a certificación da acta da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: O día 17-4-2015 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do medio Rural e do Mar, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

TERCEIRO: O día 20-4-2015 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, no que consta que o monte **A SOMOZA (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

CUARTO: O día 29-4-2015 solicítanselle os seguintes documentos ao Rexistro da Propiedade de Chantada:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 25-5-2015 recíbense dúas notas simples do rexistro da propiedade de Chantada, de predios na parroquia de Santa Cristina de Areas, un correspondente ao predio "Chousa da Uceira" ou "Carpaceira" inscrito a nome de Otero Iglesias Jesús e Porta Miguélez Dolores (non consta enderezo), e outro "Tenza do Consistorio" e "Monte de Somoza", a nome de Armas Peña Darío e Quinta Guerreiro Gloria, e comunica a non existencia de ningunha finca coincidente coas referencias catastrais aportadas.



SEXTO: O día 12-6-2015 comunicaselle ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: O día 12-6-2015 comunicaselle ao **Concello de Antas de Ulla** a iniciación do expediente e envióselle un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 12-6-2015 comunícase a iniciación do expediente a **Darío Armas Peña e a Gloria Quinta Guerreiro**, por figurar como titulares rexistrados dun predio denominado Monte de Somoza.

NOVENO: O día 12-6-2015 comunícase a iniciación do expediente a **María Luísa Mariño Varela**, como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: O día 12-6-2015 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Chantada** e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 15-6-2015 envíase un **EDICTO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) coa finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 2-7-2015 aparece publicado o **EDICTO** no DOG número 123, páxina 27737, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **A SOMOZA (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO TERCEIRO: O día 7-7-2015 aparece publicado o **EDICTO** no BOE número 161, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO CUARTO: O día 10-7-2015 recíbese un escrito de **Gloria Quinta Guerreiro** mediante o que alega que a parcela catastral 95 - polígono 74 de Antas de Ulla, inscrito no rexistro da propiedade de Chantada, é da súa propiedade.

DÉCIMO QUINTO: O día 14-9-2015 comunicaselle á presidenta da xunta reitora da Somoza o dereito da comunidade á elección de dúas persoas representantes, que poderán asistir (con voz pero sen voto) ás reunións do xurado nas que se estude o expediente do monte **A SOMOZA (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO SEXTO: O día 23-9-2015 recíbese comunicación dos/as vogais representantes na reunión do xurado, polo comunidade da Somoza. Resultaron elixidos: **José Diéguez Fernández e Javier Otero Porta**

DÉCIMO SÉTIMO: O día 29-9-2015 recíbese certificado do Concello de Antas de Ulla que acredita que o edicto estivo exposto durante 30 días hábiles.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación do presente expediente, e, polo que respecta á alegación efectuada por Gloria Quintá Guerreiro, con respecto á parcela 95 do polígono 74, compróbase que non se ve afectada pola clasificación obxecto deste expediente. Polo demais, e posto que non constan presentadas outras alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, aceptando a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE A SOMOZA (AMPLIACION)**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural e do Mar

Ronda da Muralla, 70
LUGO



CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: **A SOMOZA (AMPLIACIÓN)**
Pertenza: veciños/as do lugar da **SOMOZA**
Parroquia: **SANTA CRISTINA DE AREAS**
Concello: **ANTAS DE ULLA**
Superficie: **11,05 hectáreas**

Estremas da zona de ampliación (parcelas 517 e 405 do polígono 8)


Norte: Parcelas 9001 (camiño), 404, 403 e 402 do polígono 8

Leste: Parcelas 361 e 518 do polígono 8

Sur: provincia de Pontevedra


Oeste: provincia de Pontevedra

Tras esta ampliación o monte queda cunha superficie de 33,81 hectáreas



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes



AMPLIACIÓN DE CLASIFICACIÓN DO MONTE DA SOMOZA OU DO PICO DO ALTO	Monte: DA SOMOZA OU DO PICO DO ALTO
	Expediente: 5/2003
	Pertenza: SOMOZA
	Municipio: ANTAS DE ULLA
	Superficie antes de Ampliación 22,76 HA Superficie despois de ampliación 33,81 HA


Escala: 1:8.000

PLANO Nº2. SITUACIÓN DO MONTE POSTERIOR Á AMPLIACIÓN

**Q XEFE DO SERVIZO DE MONTES**
RAMÓN ROZADILLAS VALVERDE

O xefe de Área de Montes Veciñais en Man Común
Lugo, a 17 de decembro de 2014

SANTIAGO FRAGA SÁENZ



0 0,05 0,1 0,2 0,3 0,4 0,5 Kilómetros